



## A CHEGADA DUNHA NOVA DINASTÍA: OS BORBÓNS



*A familia de Felipe V. Museo do Prado (Louis Michel Van Loo-dominio público)*



## ÍNDICE

---

### A CHEGADA DUNHA NOVA DINASTÍA: OS BORBÓNS

1. A GUERRA DE SUCESIÓN: O TRATADO DE UTRECHT.....	1
1.1 O Tratado de Utrecht (1713-1714).....	1
2. O CENTRALISMO BORBÓNICO.....	2
3. O DESPOTISMO ILUSTRADO: CARLOS III.....	4
<i>Exercicios</i> .....	5
SOLUCIÓNS.....	6

## 1. A GUERRA DE SUCESIÓN: O TRATADO DE UTRECHT

Carlos II, último rei da dinastía dos Austrias españois, morre sen sucesión. No seu testamento déixalle o trono a Filipe d'Anjou, neto de Luis XIV. Pero ante a posibilidade de que tamén herdara o trono francés, desatáronse en Europa todas as alarmas e opóñense á súa candidatura Carlos de Austria, Inglaterra e Holanda e parte da Coroa de Aragón. Iníciase así a *Guerra de Sucesión* con dúas fronteas: a europea, onde ganará a alianza antiborbónica encabezada por Inglaterra; e a española, onde ganará o candidato francés.

A guerra finaliza coa sinatura de:

### 1.1 O Tratado de Utrecht (1713-1714)

Neste tratado, Filipe d'Anjou convértese en Felipe V de España, aceptado por Navarra e o reino de Castela desde o principio e por dereito de conquista no reino de Aragón. Deste xeito, queda dividida a familia dos Borbóns entre a liña francesa e a española (non poden reinar uns no sitio dos outros).

En canto aos territorios: Xibraltar (ata hoxe) e Menorca (ata finais do século que se recupera) pasan a ser de Inglaterra. E logo está a perda das posesións españolas en Italia e no norte de Europa, e tamén en territorios na América.

Económicas: o *asento de negros* (monopolio do tráfico de escravos) e o *navío de permiso* (comercio con América), para Inglaterra.

España perde a súa condición de potencia internacional. Inglaterra pasa a ser a dona dos mares.



Tratado de Utrecht 1713 (dominio público)

## 2. O CENTRALISMO BORBÓNICO

---

Filipe V chega a España e impón unha nova forma de gobernar inspirada na Francia do rei Luis XIV, buscando sempre a centralización e o poder real.

Os decretos de *Nova Planta* van unificar no reino as leis de Castela, eliminan as Cortes, as leis e tradicións en parte da Coroa de Aragón e xustifican isto polo dereito de conquista. Só o País Vasco e Navarra manterán os foros e as leis propias grazas ao seu apoio incondicional aos Borbóns.

### **"DECRETOS DE NUEVA PLANTA**

*Por decreto de 9 de octubre próximo fui servido decir que habiendo con la asistencia divina y justicia de mi causa pacificado enteramente mis armas el Principado de Cataluña tocaba a mi soberanía establecer gobierno a él y dar providencias para que sus moradores vivan con paz, quietud y abundancia; por cuyo bien, habiendo precedido madura deliberación y consulta de ministros de mi mayor confianza he resuelto que en el referido Principado se forme una Audiencia, en la cual presida el Capitán General o Comandante General de mis armas de manera que los despachos, después de empezar con mi dictado, prosigan en su nombre: el cual Capitán General o Comandante ha de tener voto solamente en las cosas del gobierno y esto hallándose presente en la Audiencia; debiendo en motivaciones de oficios y cosas graves el Regente avisarle un día antes de lo que ha de tratar. [...] 2.: La Audiencia se ha de juntar en las Casas que antes estaban destinadas para la Diputación y se ha de componer de un Regente y diez ministros para lo civil y cinco para lo criminal, dos Fiscales y un Alguacil Mayor. [...] 4.: Las causas en la Real Audiencia se sustanciarán en lengua castellana... " 40.: Han de cesar las prohibiciones de extranjería porque mi Real Intención es que en mis reinos las dignidades y honores se confieran recíprocamente a mis vasallos por el mérito y no por el nacimiento en una u otra provincia de ellos. (...)"*

*Novísima Recopilación de Leyes de España...*, libro V, título IX, Ley I.

### **Co centralismo vanse producir cambios:**

- No político, os consellos pasan a ser secretarías (antecedente dos ministerios) e a de Castela, a de todo o reino. As Cortes reúnen só para xurar o herdeiro.
- Na Facenda unifícanse os impostos (aínda que non foron modernizados realmente, xa que seguimos no Antigo Réxime) e fanse os primeiros catastros (para saber a quen se lle podían cobrar impostos), elimínanse as aduanas interiores e impoñen fortes aranceis aos produtos estranxeiros.
- Créanse tamén novos cargos públicos coma os intendentos, capitáns xenerais..., para controlar os pesos e as medidas, para controlar os alcaldes, para informar o rei... nunha palabra, centralízase o poder.

- Reforma do exército e da Armada. Os históricos Terzos desaparecen en favor dos rexementos e créase un exército permanente de recrutamento triplo: voluntarios, vagos e malfeitores, e un quinto de obrigatorios (as *quintas*). Na Armada, reformáronse os grandes estaleiros de Ferrol, Cartaxena e Cádiz e a bandeira da mariña pasou a ser a de España.

A idea constante é reforzar o poder real e a súa autonomía política, xa sexa sacándolle poder ao pobo (catastros, novos funcionarios), aos nobres (*desmoche* de fidalgos) ou á Igrexa (*regalismo rexio*).

É de destacar o labor feito polos secretarios de Filipe V, Patiño na Mariña e Campillo en Facenda, que, reforzando a frota, mellorouse moito a economía e, administrando mellor que anteriormente (recuperación de rendas, plans de obras públicas, prohibición de vendas de cargos públicos...), o auxe económico foi perceptible.

Tamén asinou dous *pactos de Familia* con Francia, que tiñan a finalidade de revisar as cláusulas do Tratado de Utrecht e conseguir territorios italianos para os fillos menores, algo que logrará á conta de esforzos bélicos.

É de destacar o seu interese pola arquitectura, empezando por varios pazos moi salientables coma o Pazo Real de Madrid, o Pazo de Aranjuez, o pazo da Granxa de San Ildefonso...

O seu fillo Luis I morrerá aos poucos meses de ser coroado, e o seu pai, a pesar do seu mal estado de saúde, volve ao trono ata a súa morte.

Fernando VI será coroado rei en 1746 e iníciase un reinado pacífico (a *Paz de Aquisgrán*) e economicamente positivo (houbo superávit na Facenda), asesorado polo marqués da Ensenada, autor do primeiro Catastro e da Gran Redada (persecución ao pobo xitano), e Ricardo Wall. Asina coa Santa Sé o Concordato de 1753 e queda asegurado así o *regalismo rexio*. Morre sen sucesión e herda o trono o seu irmán de pai Carlos.



Pazo da Granxa de San Ildefonso. Fot. Ignacio Revuelta. CC BY-SA 3.0



Fernando VI de España (Museo do Prado)  
Louis-Michel van Loo (dominio público).

### 3. O DESPOTISMO ILUSTRADO: CARLOS III

O reinado de Carlos III marca un cambio de época e de forma de exercer o poder. Carlos viña de ser rei de Nápoles durante 25 anos. Alí fixera un enorme traballo de modernización e de obras públicas dentro do que se coñece como o *despotismo ilustrado*.

Chega a España ao morrer seu irmán sen sucesión directa e, deseguido, trata de reparar as deficiencias na modernización do país. Para iso rodéase de secretarios hábiles, herdados do seu irmán ou novas incorporacións, destaca o marqués da Ensenada, o conde de Aranda, o conde de Floridablanca ou Campomanes, que introducen ideas ilustradas (non sen oposición coma no *motín de Esquilache*) baseadas na nova teoría económica da *fisiocracia*. Esta teoría dicía que a riqueza viña da terra e do seu traballo. Polo tanto, houbo que fomentar a agricultura. Para iso fanse obras públicas, a reforma de Madrid, o Plan radial de estradas, os regadíos, as canles, repoboacións en zonas deprimidas (Sierra Morena) e tímidos intentos de desamortización de terras en mans mortas (nobreza, clero) e comunais. E todo isto liberando os prezos, as rutas comerciais... e declarando honestos os traballos manuais.

Para iso impulsa o comercio e a industria, como a téxtil en Cataluña, os estaleiros de Ferrol, Cádiz, Cartagena e La Habana, facendo alí dos mellores barcos da época; ao lado doutras medidas como a liberación do comercio con América, que dinamizaron os intercambios con ultramar.

Á súa morte, en 1788, herdará o trono o seu fillo Carlos IV, que será esmagado polo cambio de época que supón o estoupido da Revolución Francesa e a chegada da contemporaneidade.



Carlos III de cazador. Museo do Prado. Goya. Dominio público.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Cales son os reis españois do século XVIII?

### Exercicio 2

O Tratado de Utrecht ten varias cláusulas que afectan os territorios, a política e a economía. Cales son?

### Exercicio 3

Que son os decretos de *Nova Planta*?

### Exercicio 4

Co centralismo borbónico prodúcese cambios en España, cales son os máis salientables?

### Exercicio 5

Cales son as principais obras públicas de Carlos III?

### Exercicio 6

Carlos IV non o vai ter doado, cal foi o motivo?

## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

A dinastía dos Borbóns: Filipe V, Luis I, Fernando VI, Carlos III e Carlos IV.

### Exercicio 2

En canto aos territorios: Xibraltar (ata hoxe) e Menorca (ata finais de século que se recupera) pasan a ser de Inglaterra. A perda das posesións españolas en Italia e no norte de Europa, e tamén territorios na América.

Políticas: queda dividida a familia dos Borbóns entre a liña francesa e a española (non poden reinar uns no sitio dos outros).

Económicas: o *asento de negros* (monopolio do tráfico de escravos) e o *navío de permiso* (comercio con América), para Inglaterra.

### Exercicio 3

Os decretos de *Nova Planta* van unificar no reino as leis de Castela, eliminan as Cortes, as leis e tradicións en parte da Coroa de Aragón e xustifican isto polo dereito de conquista. Só o País Vasco e Navarra manterán os foros e as leis propias grazas ao seu apoio incondicional aos Borbóns.

### Exercicio 4

- No político, os consellos pasan a ser secretarías (antecedente dos ministerios) e a de Castela, a de todo o reino. As Cortes reúnenso so para xurar o herdeiro.
- Na Facenda unifícanse os impostos (aínda que non foron modernizados realmente xa que seguimos no Antigo Réxime) e fanse os primeiros catastros (para saber a quen se lle podían cobrar impostos), elimínanse as aduanas interiores e impoñen fortes aranceis aos produtos estranxeiros.
- Créanse tamén novos cargos públicos coma os intendentes, capitáns xenerais..., para controlar os pesos e as medidas, para controlar os alcaldes, para informar o rei... nunha palabra, centralízase o poder.
- Reforma do exército e da Armada. Os históricos Terzos desaparecen en favor dos rexementos e créase un exército permanente de recrutamento triplo: voluntarios, vagos e malfeitores, e un quinto de obrigatorios (as *quintas*). Na Armada reformáronse os grandes estaleiros de Ferrol, Cartaxena e Cádiz e a bandeira da mariña pasou a ser a de España.



### Exercicio 5

A reforma de Madrid, o Plan radial de estradas, os regadíos, as canles, repoboacións en zonas deprimidas (Sierra Morena) e tímidos intentos de desamortización de terras en mans mortas (nobreza, clero) e comunais.

### Exercicio 6

O estoupido da Revolución Francesa ao ano seguinte dá súa chegada ao trono.